

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 5 DE NOVEMBRO DE 2007

LICENZAS

FAVORABLES.-

1708/07.- Comunidade de Propietarios Avda. de Castelao núm.6.- Instalación ascensor.-

890/07.- Esther Liste Coto.- Legaliz. obras executadas consistentes en reforma de vivenda en galpóns anexos en Frenza, Sta. Cristina de Fecha.

2165/07.- Agustín Cutrín Gamas.- Legaliz. de obras executadas sin licenza, de execución de muro, bodega soterrada, rehabilitación de alpendre existente e porta de acceso á finca sita no Lugar de Vixoi núm.14.-

TRÁMITE DE EXCEPCIÓN.-

860/05.- Jesús Mariño González.- Construcción de dous silos forraxeiros executados no Lugar de Vilas.-

PARCELACIÓN.-

510/07.- Santiago Iglesias Suárez.- Parcela 53 do Polígono 501 de concentración de A Peregrina.-

DEVOLUCIÓNS DE FIANZAS.-

2026/07.- M^a Josefa Toja Turnes.-.....Expte...2202/03.....1.500 €.-

1967/06.- Basanta Juan Bautista Rodríguez Márquez.-.....Expte..1055/04.....2.000€.-

APERTURAS.-

Lap/167/07.- Ramón Salgado Ferreiro.- Apertura pescadería en Rúa Avío núm.20-22-baixo.-

OCIHR

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1740/2007.- D. José Chorén Casal.- Rehabilitación parcial de edificio de 2º e 3º e baixo cuberta na rúa Casas Reais, nº 29.

LIC/1225/2007.- Consorcio da Cidade de Santiago.- Acondicionamento da igrexa de Santa María de Grixoa.

5.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do casco histórico.

Apróbanse definitivamente axudas para 44 vivendas por valor de 337.597 euros.ç

6.- Proposta da concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas para unha familia para gastos de comedor escolar, por 216 euros.

7 a 48.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmoables, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Apróbanse as devanditas exencións.

49.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á solicitude para acceder aos servizos da oficina virtual do Catastro a unha traballadora do departamento do imposto de bens inmoables.

Apróbase a solicitude.

50.- Adxudicación da Asistencia técnica para a realización dos traballos de actualización permanente da Cartografía de referencia municipal.

Adxudícase a licitación de referencia á empresa DITECAR, SL, por importe de 97.000 euros.

51.- Modificación do contrato de Asistencia técnica para a redacción dos Plans parciais dos Sectores SUD-1 MALLOU, SUD-2 CANCELAS-A MUIÑA, SUD-3 AMIO NORTE, SUD-5 AMIO SUR e do Plan Especial PU-16 MALLOU-CANCELAS e sistema xeral viario CANCELAS-AMIO (treito: Camiño de Amio-Porto do Medio).

Acórdase a modificación do referido contrato, asinado do 10 de outubro de 2006, o que supón un incremento de 105.444 euros. A modificación proposta débese á imperativa incorporación á documentación do Plan Parcial dunha avaliación ambiental, obrigada polo artigo 7 da Lei 6/2007 do Parlamento de Galicia. Así mesmo, e consonte ao establecido no artigo 15.4 da Lei do Solo Estatal (Lei 8/2007) elaborárase un informe ou memoria de estabilidade económica.

52.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación da Xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano no Concello de Santiago.

Apróbase o prego de cláusulas técnico-administrativa, así como o inicio do expediente para a citada contratación por concurso e procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 300.000 euros/ano, e un prazo de duración de dous anos.

53.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á resolución de recursos de reposición contra o acordo de concesión de axudas ao persoal municipal.

Resólvense os recursos.

54.- Provisión con carácter interino de dous oficiais xardineiros para substituír aos titulares.

Apróbase a provisión.

55.- Proposta do concelleiro delegado de Cultura relativa á aprobación da xustificación da totalidade do convenio entre o Concello e TEATRO GALÁN-MATARILE TEATRO, S.L. para o festival EN PÉ DE PEDRA, así como o pagamento do 50% da aportación da concellería.

Apróbase a xustificación da totalidade do convenio así como o pagamento correspondente ao 50% da aportación total coa que a Concellería de Cultura colabora no desenvolvemento do convenio, que ascende a 25.000 euros neste 2007.

56.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aceptación da doazón ao Concello de equipamento deportivo para as instalacións adscritas á concellería.

Acéptase a doazón de material deportivo por valor de 45.048 euros ofrecido por Galevents Incentivos, que se poñerá a disposición dos diferentes colectivos cidadáns que utilizan os pavillóns e campos de fútbol municipais.

57.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á resolución da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento de actividades deportivas puntuais para 2007.

Apróbase a concesión das devanditas subvencións a 35 actividades por un importe total de 69.538 euros.

58.- Concesión de subvencións a entidades sin fin de lucro para realizar actividades de normalización de lingua galega.

Apróbase a concesión das devanditas subvencións a 41 entidades por un importe total de 27.580 euros.

59.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á aprobación de actividades e ratificación da cláusula segunda do convenio de colaboración entre o Concello e a FUNDACIÓN CAIXA GALICIA-CLAUDIO SAN MARTIN para proxectos culturais.

Apróbanse as actividades recollidas no convenio e ratifícase a segunda cláusula na que se establece que do total do orzamento recollido no convenio (510.000 euros), o Concello aporta 450.000 euros e Caixa Galicia, 60.000 euros.

URXENCIAS

1.- Apróbase o contrato complementario de revisión do Plan Xeral asinado con Oficina de Planeamento, SA, para a adaptación da Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal á Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 3 de outubro do 2007, polo que se aproba definitivamente o Plan Xeral. Adxudícase o contrato complementario, por un importe de 135.024 euros a OFICINA DE PLANEAMENTO, SA.